

O XXVII Premio Internacional Grupo Compostela–Xunta de Galicia distingue ao impulsor do Camino Torres, Luis Antonio Miguel Quintales

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2023 – O xurado do XXVII Premio Internacional Grupo Compostela–Xunta de Galicia reconece os méritos do catedrático da Universidade de Salamanca Luis Antonio Miguel Quintales como figura clave na «posta en valor do Camino Torres», unha ruta que recupera o percorrido realizado en 1737 polo erudito Diego de Torres Villarroel na súa peregrinación a Compostela. Os integrantes deste órgano destacaron tamén a súa contribución á recuperación e transmisión dos «itinerarios do Camiño de Santiago que quedaran esquecidos».

Tras comunicarlle a decisión, o premiado sinalou que «este recoñecemento representa un fito significativo» na súa traxectoria persoal, así como que lle «enche de gratitude e emoción» saber que os seus esforzos son distinguidos deste xeito. «Ver os meus labores de creación e divulgación do Camino Torres valorados por un xurado dun premio tan prestixioso é unha honra incomparable», engadiu.

Miguel Quintales recibirá un premio en metálico de 6.000 euros brutos e a cuncha de ouro, emblema do Grupo Compostela de Universidades (GCU), na cerimonia de presentación do XXVII Premio Internacional Grupo Compostela–Xunta de Galicia. Esta terá lugar o 21 de setembro dentro do programa da XXIX Asemblea Xeral del GCU, que organiza a Universidade de Sevilla.

O perfil do galardoado

Luis Antonio Miguel Quintales, nado na cidade española de Salamanca en 1962, é catedrático do Departamento de Informática e Automática na máis antiga das universidades hispanas existentes. O seu labor docente e investigador céntrase nas áreas da Bioinformática e a Xenómica Computacional, acerca das que publicou en destacadas revistas destes campos científicos.

Ademais, sobresa pola súa aportación ao estudo e divulgación dos camiños históricos e xacobeos, mediante publicacións como *Ruta del Camino Fonseca. De Salamanca a Santiago de Compostela*, unha das primeiras guías sobre o tramo da Vía da Prata que une a capital da provincia homónima coa galega.

Igualmente, Miguel Quintales é un actor fundamental na recuperación dos itinerarios xacobeos caídos no esquecemento, en concreto, do Camino Torres. Un percorrido retomado

tras un traballo de cartografía, xeorreferenciación, fotografía e documentación. Para darlle difusión naceu en 2011 a páxina [web del Camino de Torres](#), que permitiu a numerosos peregrinos e ciclistas seguir os pasos de Diego de Torres Villarroel, a través de España e Portugal. Esta ruta obtivo o apoio institucional dos municipios que atravesaba y de la Asociación de Antigos Alumnos da Universidade de Salamanca.

Miguel Quintales tamén é técnico de sendeiros da Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada e colabora coa revista *Grandes Espacios*, especializada en actividades que se practican na natureza.

O xurado da presente edición

A reunión en liña deste órgano foi presidida en maio polo secretario xeral de Universidades da Xunta de Galicia José Alberto Díez de Castro, en delegación do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, Román Rodríguez.

Nela participaron igualmente as seguintes autoridades:

- O director xeral de Cultura da Xunta de Galicia, Anxo M. Lorenzo.
- O presidente del Grupo Compostela de Universidades, Marek Kręglewski.
- O reitor da Universidade de Santiago de Compostela (España), Antonio López.
- O reitor da Universidade Politécnica de Madrid (España), Guillermo Cisneros.
- O reitor da Universidad Peruana de Ciencias Aplicadas (Perú), Edward Roekaert.
- A secretaria executiva del Grupo Compostela de Universidades, María Teresa Carballeira Rivera.

Á parte das autoridades presentes, ocupa a presidencia honorífica do xurado do XXVII Premio Internacional Grupo Compostela-Xunta de Galicia, o xefe do Executivo galego, Alfonso Rueda.

O Premio Internacional Grupo Compostela-Xunta de Galicia

O [Premio Internacional Grupo Compostela-Xunta de Galicia](#) instituíuse en 1996 a raíz da sinatura dun acordó para a súa creación entre o Grupo Compostela de Universidades e a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

Desde a súa primeira convocatoria en 1997, este galardón foi outorgado a personalidades como Javier Solana de Madariaga (2021), Marcelino Oreja Aguirre (2017), Neelie Kroes (2011), Mohamed ElBaradei (2010), Carla del Ponte (2001), Václav Havel (1998) ou Jacques Santer (1997). Ademais de distinguir o labor desenvolvido por institucións como o programa

Erasmus (2015), a institución académica Colexio de Europa (2012), a canle de televisión Arte (2008) ou a iniciativa Helsinki Group of Women and Science (2006).

O Grupo Compostela de Universidades

O [Grupo Compostela de Universidades](#) é unha asociación sen ánimo de lucro, declarada como entidade de utilidade pública, que traballa a prol da colaboración e promove o diálogo en todos os eidos da educación superior. O GCU comezou a súa andaina no ano 1994 e desde a súa creación foi crescendo ata unir ao seu camiño a máis de 60 universidades de todo o mundo. Todos os peregrinos da rede comparten os valores de cooperación e integración desenvoltos en torno ao Camiño de Santiago.